

“Por aí éntrase

Éntrase sáese

Éntrase

non se sae”

André Breton.

É CALAR a solución?

O punto de encontro da covardía e a ignominia.

A fusión do conformismo coa derrota.

O disolvente de toda resistencia.

A aceptación dun fracaso colectivo.

Baixar os brazos ao imperativo da forza.

A mudez abxecta da resignación.

O muro invisíbel da impotencia.

O final anódino da emoción.

Quizais sexa o silencio

a última estadía da esperanza.

Unha forma de dignificar o baleiro.

Unha bandeira branca sen palabras nin insignias.

Unha voz que encallou nas entrañas.

A paronimia íntima de todo.

A homofonía periférica do nada.